

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 09/09/2026
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
CARLOS COIRA LOJO
DIEGO GARCIA SANTIAGO
PAOLA MARIA MOCHALES
SONIA OUTÓN CASAL

Lista de non asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍNA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 09/09/2026 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 31 de agosto de 2026, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2026/3227

Dáse conta do escrito presentado por Dona Rocío Louzán Blanco en representación de ASOCIACION COMERCIANTES ZONA ABERTA - G36256048, no que solicita autorización para ocupación de vía pública para a organización da Festa Infantil "A volta ao cole 2026" consistente na colocación de tres hinchables na Praza de Galicia e Festa da Espuma na rúa Clara Campoamor, o día 07/09/2026 en horario de 17:00 a 20:30 hs., así como toma de electricidade e auga.

Dáse conta do Informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/3228

Dáse conta do escrito presentado por D. Norberto Garanger Castro, en representación da ASOCIACIÓN CULTURAL SAN PEDRO DOS DURÁNS - G56821093, no que solicita autorización para ocupación de vía pública o día 11 de outubro de 2026, para a realización da "III FESTA DO COCIDO" (xantar), na Avda. Lopez Ballesteros (glorieta da Estación de Autobuses de Vilagarcía de Arousa). Así mesmo solicita ter dispoñible o aparcadoiro a partir do venres 09 de outubro de 2026 e instalación por parte do Concello dunha tarima de 4x4, e a cesión de diverso material.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda:

1._Concederlle autorización para a realización da "III FESTA DO COCIDO", na Avda. López Ballesteros e no día solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público,

polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

2._A cesión do material solicitado, debendo devolvelos en igual estado en que os recibiron.

PRP2026/3223

Dáse conta da proposta do Técnico de Comunicación e Publicacións para a renovación do portal web vilagarcia.gal

O Concello está presente en Internet dende 2003, cando se puxo en marcha o portal www.vilagarcia.es. Dende entón se fixeron algunhas modificacións, pero os cambios tecnolóxicos e as novas tendencias na información institucional obrigan a unha profunda renovación desta ferramenta, tanto a nivel de deseño como de maquetación e mesmo de presentación de contidos. Ademais de ser “responsive”, é dicir, deseñado para adaptarse automaticamente a calquera dispositivo -móbil, tableta, etcétera-, hai que ter en conta a súa interconexión coa sede electrónica, que na súa orixe non existía, e a unidade de imaxe co portal turístico, tamén recentemente renovado.

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación do presuposto presentado por Visual Publinet, SL (CIF B-36880094), por importe de 14.620 € (17.690,20 €, IVE incluído) para a renovación integral do portal www.vilagarcia.gal, de acordo coas características que se especifican na oferta técnica e económica, con cargo á partida 926-64100 (“gastos en aplicacións informáticas”), Proxecto 2025-2-PREST 26 (“Renovación web”).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/3253

Tendo en conta que nestes momentos, Unión Fenosa Distribución está desenvolvendo as obras de mellora da rede eléctrica no Carril. Isto permitirá cumprir coa vella demanda da veciñanza, que conta co apoio do goberno local e mesmo da corporación municipal no seu conxunto, de retirar o transformador soterrado na Praza da Liberdade, o epicentro da vida carrilexa.

A eliminación deste aparello e o resto das obras da rede eléctrica obrigará a restituir o piso dunha parte da praza. Unha oportunidade que o goberno local quere aproveitar para instalar o vello escudo do concello constitucional do Carril (1836-1913), como acaba de facerse na praza de Rafael Pazos, en Vilaxoán.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola empresa especializada en tallado de granito Obras e Proxectos Gomacons, SL (CIF B36442531), por un importe de 14.430 € sen IVE, e de 17.460,30 € (IVE incluído), con cargo á partida 336.61900 (Proxecto 25 2 PREST 20).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/3243

Dáse conta da proposta do Servizo de Vías Públicas na que se indica que resulta necesario dispoñer de tubaxes de diferentes diámetros para poder realizar as reparacións necesarias nas redes municipais de saneamento e augas pluviais, atendendo as avarías detectadas nas redes municipais de augas pluviais en Cornazo e na baixada a Pazos, así como na rede de saneamento na rúa Veiga do Mar, rúa Arousa e A Laxe.

Características da compra:

Subministración de tubos de saneamento de categoría SN4, dos diámetros 160, 200, 315 e 400 mm, destinados á realización de reparacións nas redes municipais de saneamento e augas pluviais.

Na presente proposta cúmprese co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017 en relación a que non se está alterando o obxecto do contrato co fin de evitar a aplicación dos límites contemplados no art. 118.1 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, xa que o subministro a contratar inclúe tubaxes de saneamento e augas pluviais de distintos diámetros para a reparación

de avarías nas redes municipais en localización onde houbo avarías que xurdiron nos últimos meses, que en esencia é substancialmente diferente a outros contratos executados neste exercicio con este mesmo provedor”.

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Autorizar e dispoñer o gasto correspondente ao contrato menor de subministro consistente na compra de tubaxes de saneamento de distintos diámetros para a reparación de avarías nas redes municipais en localización onde se produciron avarías nos últimos meses, por importe de 17.676,59 € (IVE engadido), con cargo á partida orzamentaria 160-22199 do orzamento vixente.

2.- Adxudicar o contrato menor de subministro a INTERMACO, S.L. (B-36146892) de conformidade co orzamento incorporado ao expediente.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/3254

Dáse conta do escrito presetado por Dona Isabel Fernández Moreira en representación de OS INGLESES RUGBY CLUB, no que solicita autorización para ocupación de vía pública para realización de campaña de socios para a tempada 2026/2027, na praza de Galicia para o día 5 de setembro de 10:00 a 14:00 h, así como a cesión de diverso material.

Dáse conta do Informe favorable do presidente da Fundación de Deportes.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2026/3246

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2026, presentada por NEUS J. SANTORUM SL CIF: B36247120 con domicilio en la CL PABLO PICASSO 0018 VILAGARCÍA DE AROUSA (PONTEVEDRA), infórmase que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria, correspondéndolle a seguinte puntuación segundo o baremo aplicable (Base Quinta):

CRITERIO	PUNTOS
Centro de traballo en Vilagarcía de Arousa	1
Empresa mais de 3 anos de antigüidade e mais de 10 traballadores	1
Traballador menos de 30 anos	2
T O T A L PUNTOS	4
SUBVENCIÓN ACADADA	3.000,00 €

Examinada a documentación presentada, considérase acreditado que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, polo que a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da subvención solicitada por NEUS J. SANTORUM SL CIF: B36247120, procedendo ao recoñecemento da obriga e ao aboamento da axuda solicitada, por contía de TRES MIL EUROS (3.000,00 €), con cargo á partida 241.470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (suministrado polo departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2026/3232

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á contratación por conta allea 2026, presentada pola empresa NEUS J. SANTORUM SL NIF B36247120, infórmase que:

Recibida a solicitude de axuda, compróbase que a única documentación que se xunta é o formulario de solicitude o CIF da empresas, DNI do traballador e o Contrato de traballo. Non se

acompaña, por tanto, a documentación obrigatoria e necesaria para a tramitación do expediente, en aplicación do establecido na Base Oitava parágrafo 5º das bases reguladoras:

...Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán a disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de non admisión na que se indicarán as causas da mesma....

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda a INADMISIÓN da solicitude de axuda á contratación por conta allea formulada, debendo a empresa solicitante presentar unha nova acompañando a mesma da documentación preceptiva e necesaria para a súa tramitación.

PRP2026/3233

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á contratación por conta allea 2026, presentada pola empresa NEUS J. SANTORUM SL NIF B36247120, infórmase que:

Recibida a solicitude de axuda, compróbase que a única documentación que se xunta é o formulario de solicitude o CIF da empresas e o Contrato de traballo. Non se acompaña, por tanto, a documentación obrigatoria e necesaria para a tramitación do expediente, en aplicación do establecido na Base Oitava parágrafo 5º das bases reguladoras:

Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán a disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de non admisión na que se indicarán as causas da mesma.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda a INADMISIÓN da solicitude de axuda á contratación por conta allea formulada, debendo a empresa solicitante presentar unha nova acompañando a mesma da documentación preceptiva e necesaria para a súa tramitación.

PRP2026/3315

Dase conta da resolución de concesión da subvención ao Concello de Vilagarcía de Arousa, polo importe global de 483.995,36€, dos orzamentos da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para o financiamento dos custos para a realización do proxecto do programa de formación-emprego talento mozo denominado, "LABORA XOVE 2026" para 16 alumnos/as traballadores/as e cunha duración de 12 meses, distribuídos nas seguintes especialidades formativas seguintes:

- AFDP0209: Socorrismo en espazos acuáticos naturais.
- AGAO0208: Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes.
- AFDP0109: Socorrismo en instalacións acuáticas.
- AGAR0309: Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes.

A data do inicio de formación e as prácticas profesionais será o 15 de setembro de 2026.

En data 22 de xullo solicítase á Consellería unha prórroga da data de inicio establecida na resolución de concesión xa que a concorrencia da fese de preparación do proxecto coa época estival dificulta especialmente o proceso de selección, no só do persoal directivo e docente senón tamén dos alumnos/as traballadores/as, por canto, gran parte dos mozos/as interesados en participar no Obradoiro e inscritos no sistema de garantía xuvenil desempeñan traballos estacionais e están contratados en campañas de verán polo que non poderían concorrer ao proceso selectivo e non cumprirían co dobre requisito de estar desempregado e de alta no ficheiro de garantía xuvenil, o que reduciría considerablemente o número de candidatos dispoñibles.

Recíbese o día 25/08/2026 contestación á autorización de prórroga de inicio do Programa de formación-emprego talento mozo 2026, na que se indica como data límite de inicio o 15/10/2026. Recíbese a través da aplicación FORMAN da Xunta de Galicia, nota aclaratoria sobre a contratación de persoal formador, directivo e de apoio na que se indica:

" Mediante a Orde do 9 de marzo de 2026 establécense as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de formación-emprego Talento mozo para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade

Autónoma de Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e procédese a súa convocatoria para os anos 2026 e 2027, código procedemento TR353B (Diario Oficial de Galicia n.º 58 do 27 de marzo de 2026). Na exposición de motivos da dita orde recóllese que as axudas previstas nesa orde están cofinanciadas nun 40% por fondos finalistas transferidos polo Servizo Público de Emprego Estatal e nun 60% pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027. Deste xeito, e tal e como se recolle na Disposición adicional quinta do Real Decreto-ley 32/2021, do 28 de decembro, poden subscribirse contratos de duración determinada que resulten necesarios para a execución de programas de carácter temporal cuxo financiamento proveña de fondos da Unión Europea. No artigo 12 da dita orde regúlase o procedemento de selección e contratación do persoal formador, directivo e de apoio; no apartado 7 indícase que a entidade promotora contratará ao persoal formador, directivo e de apoio que fose seleccionado de acordo co procedemento establecido a través da modalidade de contratación que considere máis axeitada tendo en conta o disposto no punto dous da disposición adicional novena da Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de emprego. Polo tanto, ao estar estas axudas cofinanciadas polo FSE+, a entidade promotora poderá contratar ao persoal formador, directivo e de apoio pola modalidade de contratación que considere máis axeitada. No caso de optar pola modalidade de contratación de duración determinada vinculada a fondos europeos, empregaranse os contratos con códigos 406 e 506 segundo sexa contratación a tempo completo ou contratación a tempo parcial respectivamente.”

A contía da subvención concedida é de 483.995,36€, distribuída do seguinte xeito:

MÓDULO A	MÓDULO B	SALARIOS ALUMNOS/TRABALLADORES	SEGURIDADE SOCIAL ALUMNOS TRABALLADORES	TOTAL
137.932,80€	39.014,40€	273.504,00€	33.544,16€	483.995,36€

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local:

- 1.- Queda sabedora da concesión da subvención da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, por importe de 483.995,36€, para a realización do proxecto de programa de formación-emprego talento mozo denominado LABORA XOVE 2026, para 16 alumnos/as traballadores/as e cunha duración de 12 meses.
- 2.- Queda sabedora da autorización de prórroga de inicio do Programa de formación-emprego talento mozo 2026, na que se indica como data límite de inicio o 15/10/2026.
- 3.- Acorda solicitar á intervención municipal a creación do proxecto de gasto segundo o anexo de esta proposta (documentos correspondentes nº 45 do expte de CIVIDAS) e a xeración do crédito.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2026/3251

O día 13 de xullo de 2026 a CMMVVMC SOBRAN E VILAXOAN presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2026.

Despois de revisar a documentación compróbase que a CMMVVMC N3006 SOBRAN E VILAXOAN presenta a solicitude acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1. da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que compren cos requisitos establecidos na bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no expediente que se atopa ao corrente da obrigas coa Seguridade Social, co ATRIGA, coa AEAT e co Concello de Vilagarcía de Arousa.

As actuacións solicitadas, segundo a memoria técnica presentada, son:

- Na mouteira 1 as superficies desta mouteira distribúense en distintos rodais, rodais A e B sobre os que se fixo a roza na totalidade da superficie e os rodais C, D, E e F, sobre os que se fixo a roza en rúas, entre liñas de plantación. Os traballos executáronse con tractor

con acople de rozadoira de cadeas, nunha superficie de 5,25 ha.

- Nas mouteiras 2 e 3, nestas mouteiras, formadas pola mesma superficie levouse a cabo traballos de repoboación na mouteira 2 e na mouteira 3 traballos previos a roza.

Estas superficies son obxecto de repoboación con especies frondosas recollidas no anexo I da lei 7/2012 de montes de Galicia, polo que previamente se realizou a roza da totalidade da superficie, para despois realizar a repoboación.

A roza das superficies executouse con minipá de brazo con cabezal rozador, o que permitiu executar a totalidade das superficies, deixando e conservando o arborado de frondosa presente nos rodais, polo que non se estableceron marcos de plantación, senón que se mantiveron as frondosas rexeneradas de xeito natural.

As actuacións de repoboación, propiamente, contemplaron os traballos de:

- Aburetado mecanizado de 891 buracos, con minipá.
- Plantación manual de 891 plantas de frondosa, a raíz núa e acondicionamento de compartimento.
- Subministración de planta de frondosa e froiteiras:
 1. Subministración de 736 frondosas maior de 35 cm a raíz núa, incluíndo transporte, das especies: bidueiro (*Betula celtiberica*), sobreira (*Quercus suber*), faia (*Fagus sylvatica*) e pradairo (*Acer pseudoplatanus*).
 2. Subministración de 70 froiteiras de máis de 1 metro, incluíndo transporte, das especies: érbedo (*Arbutus unedo*), abeleira (*Corylus avellana*) e nogueira (*Juglans regia*).
 3. Subministración de 85 castiñeiros híbrido resistente (*Castanea x hibrida*) de máis de 1 metro, incluíndo transporte.

A distribución da planta fíxose en función dos requirimentos do terreo e as condicións climatolóxicas e co fin de crear masas mixtas, que incrementen o valor ecolóxico do espazo forestal e xeren áreas cortalumes que permitan unha mellor defensa do monte e das infraestruturas situadas nas inmediacións dos terreos veciñais.

As mouteiras 2 e 3 ocupan unha superficie de 3,53 ha.

As actuacións solicitadas poden ser obxecto de subvención segundo o regulado na base 1.4 reguladora das axudas municipais.

A solicitude de axuda é de 10.293,89 euros. Segundo o regulado na base 1.4.2 os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC, pertencente a unha Mancomunidade de montes veciñais en man común con enderezo social en Vilagarcía, un máximo de 11.000 euros.

A Comunidade presenta un certificado de pertenza á Mancomunidade de montes veciñais en man común de Vilagarcía con NIF V 94156486.

Tendo en conta que as actuacións solicitadas están incluídas dentro das actuacións subvencionables abrangidas na base 1.4 e que a documentación presentada é correcta segundo a base 3.1, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión de 10.293,89 € á CMMVVMC N3006 SOBRAN E VILAXOAN con CIF V36187995 por cumprirse os requisitos establecidos na convocatoria das axudas con cargo á partida orzamentaria 1720-489.

Mouteira	Tipo actuación	cantidade	prezo	importe
01	Ha. Roza de penetración	5,25	450	2.362,50
02	Repoboación forestal			
	Ud. Apertura mecanizada dun buraco	891	1,29	1.149,39
	Ud. Subministración de unha unidade de frondosa, maior de 35cm a raíz núa, incluído transporte.	736	2,25	1.656,00
	Ud. Subministración de unha unidade de froiteira de máis de 1 metro.	70	7	490,00
	Ud. Subministro de unha unidade de Castiñeiro híbrido resistente de máis de 1 metro, incluído transporte.	85	5,15	437,75
	Ud. Plantación de planta de frondosa a raíz núa e acondicionamento de compartimento sobre aburamento mecanizado	891	0,75	668,25
03	Ha. Roza mecanizada con minipá, que presenta un brazo cabezal de martelos fixos.	3,53	1.000	3.530,00

		TOTAL	10.293,89
--	--	-------	-----------

PRP2026/3252

O día 11 de xullo do 2026 a Cdad de montes en man común da parroquia de Rubiáns presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2026.

Despois de revisar a documentación compróbase que a Cdad de montes en man común da parroquia de Rubiáns entregou a solicitude acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1. da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que compren cos requisitos establecidos nas bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no expediente que se atopa ao corrente da obrigas coa Seguridade social, coa Consellería de Facenda, coa AEAT e co Concello de Vilagarcía de Arousa.

As actuacións solicitadas, segundo a memoria técnica presentada, son:

- Na mouteira 1 (formada por unha masa de castiñeiro procedente de plantación con abundante vexetación de matogueira de toxo, xesta, fento e silva), levarase a cabo roza mecanizada da totalidade da superficie, empregando tractor con rozadoira de cadeas e manual nas liñas de planta, empregando rozadoira de man, poda de formación para configurar as copas do arboredo, para o aproveitamento de froito, que se fará con tesoiras ou motoserras lixeiras. Posteriormente amoreado de restos para a súa posterior trituración superficie de 2,65 ha.
- Na mouteira 2 (superficie ocupada por unha masa mixta procedente de rexeneración espontánea na que predominan o eucalipto e pés puntuais de frondosa), levarase a cabo roza manual da totalidade da superficie, selección de brotes tanto dos pés de frondosas como de eucalipto e amoreado de restos para a súa trituración ou picado posterior nunha superficie de 0,45 ha.
- Na mouteira 3 (superficie ocupada por unha masa mixta procedente de rexeneración cos pés adultos de carballo e eucalipto e abundante matogueira) levarase a cabo roza da totalidade da superficie e o amoreado de restos para a súa trituración nunha superficie de 0,85 ha.
- Na mouteira 4 (superficie ocupada por unha masa de eucalipto procedente de plantación), levarase a cabo unha roza manual da totalidade da superficie, empregando para iso rozadoiras de man nunha superficie de 2,14 ha.
- Na mouteira 5 (formada por unha parcela con vexetación rexenerada sen tratamento silvícolas) levarase a cabo a roza manual da totalidade da superficie empregando para iso rozadoiras de man, amoreado de restos e trituración posterior nunha superficie de 0,23 ha.
- Na mouteira 6 (formada por plataformas das pistas veciñais que presentan maleza) realizarase a roza mecanizada das plataformas das pistas marcadas na planimetría, para o que se empregará tractor con rozadoira de cadeas nunha superficie de 0,17 ha.

As actuacións solicitadas poden ser obxecto de subvención segundo o regulado na base 1.4 reguladora das axudas municipais.

A solicitude de axuda é de 10.966,50 euros. Segundo o regulado na base 1.4.2 os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC, pertencente a unha Mancomunidad de montes veciñais en man común con enderezo social en Vilagarcía, un máximo de 11.000 euros.

A Comunidade presenta un certificado de pertenza á Mancomunidad de montes veciñais en man común de Vilagarcía con NIF V 94156486.

Tendo en conta que as actuacións solicitadas están incluídas dentro das actuacións subvencionables abrangidas na base 1.4 e que a documentación presentada é correcta

segundo a base 3.1, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión de 10.966,50 €, de conformidade coa seguinte taboa, á Comunidade de Montes en Man Común da Parroquia de Rubiáns con CIF V 36532927 por cumprirse os requisitos establecidos na convocatoria das axudas con cargo á partida orzamentaria 1720-489.

Mouteira	Tipo actuación	unidade	prezo	importe
01	Roza de penetración	2,65	450	1192,5
	Roza manual selectiva baixo arboredo, aplicadas na liñas de planta, un 40% da superficie	1,06	700	742
	Poda de formación en masas de frondosas	2,65	600	1590
	Trituración de restos	2,65	800	2120
02	Roza manual selectiva baixo arboreda e retirada de restos	0,45	1000	450
	Selección de gromos de cepa de eucaplipto	0,45	800	360
	Trituración de restos	0,45	800	360
03	Roza manual selectiva baixo arboreda e retirada de restos	0,85	1000	850
	Trituración de restos	0,85	800	680
04	Roza manual selectiva baixo arboreda e retirada de restos	2,14	1000	2140
05	Roza manual selectiva baixo arboreda e retirada de restos	0,23	1000	230
	Trituración de restos	0,23	800	184
06	Roza mecanizada con rozadoira de cadeas en pista	0,17	400	68
		TOTAL		10966,5

TURISMO

PRP2026/3272

Vilagarcía forma parte da agrupación de concellos que conforman o programa GOZA DO ULLA, que consiste basicamente en cada un deses concellos organiza unha ruta de sendeirismo no seu termo municipal que se refira ou poña en valor o río Ulla.

Nesta ocasión, Vilagarcía fará esa ruta o 13 de setembro. Será a seguinte: XIABRE, O ULLA E A RÍA. Dende Pinar de Rei vaise bordeando o Monte Xiabre por camiños que nos permiten ir mirando a Ría de Arousa nalgúns momentos e o Ulla noutros. Chégase así ao Miradoiro da Cruz de Xiabre, que resulta un punto excepcional para contemplar o río ata Padrón e apreciar como Ulla entra na Ría de Arousa e xera ese espazo que posúe unha biodiversidade tan especial. Nun día claro dende aquí pódese divisar Sálvora e ata as Illas Cíes. Continúase a ruta, xa perdendo altura, e chégase ao Miradoiro de Bamio, dende o que se aprecian con máis detalle os Lombos do Ulla, que é a zona de marisqueo máis produtiva de Galicia, os viveiros de Carril e a Illa de Cortegada. E a ruta sigue ata chegar ao punto de inicio.

Para a promoción do programa, editanse folletos e difúndese nas redes sociais. Ademais o programa presentouse na feira de Turismo TUREXPO, en Silleda, na que se contou cun stand.

Os gastos que xera esta actividade son:

CONCEPTO	PROVEDOR	IMPORTE € (IVE ENGADIDO)
Aluguer de Stand e azafata	FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA CIF G 36.155.208	116,66
Edición de folletos e carteis	EIXOPRINT JESUS CEBEIRO MALLO 44805236V	127,37
XESTIÓN DE REDES SOCIAIS	ZEROZERO IMAGEN Y COMUNICACIÓN S.L. NIF: B36987972	121,00
AVITUALLAMENTO NA RUTA	DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A. CIF: A36.036.739	157,25
SINALIZACION DO PERCORRIO E GUIADO DA RUTA EN VILAGARCÍA E GUIA	CORTICATA TURISMO MEDIOAMBIENTAL SL CIF B75667311	665,50
		1187,78

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Realizar a ruta XIABRE, O ULLA E A RÍA, o vindeiro 13 de setembro, dentro do programa

Goza do Ulla.

- Autorizar e dispoñer o gasto, por importe de 157,25 €, con cargo á aplicación orzamentaria 432.226,10, e adxudicar o contrato menor correspondente á empresa DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A., CIF: A36.036.739, e que ten por obxecto o subministro dos consumibles para o avituallamento dos participantes na ruta.
- Autorizar e dispoñer o gasto, por importe de 665,50 €, con cargo á aplicación orzamentaria 432.226,10, e adxudicar o contrato menor correspondente á empresa CORTICATA TURISMO MEDIOAMBIENTAL SL, CIF B75667311, e que ten por obxecto a sinalización e o acompañamento dos participantes no transcurso da ruta.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2026/3191

O vindeiro 10 de setembro vaise desenvolver a segunda xornada do ciclo de conferencias En lista de espera, adicado á perspectiva de xénero na saúde. Nesta ocasión trátanse dúas enfermidades cunha importantísima prevalencia entre as mulleres. A fibromialxía e a sensibilidade química.

O obxectivo destas xornadas é visibilizar as violencias estruturais e institucionais cara ás mulleres no sistema sanitario, analizar os sesgos de xénero no diagnóstico, tratamento e investigación destas enfermidades, así como achegar ferramentas e recursos útiles tanto para profesionais como para a cidadanía.

No IV Plan de Igualdade na súa área 3 sobre Modelos Igualitarios para a convivencia contéplase na acción 1 a promoción de estratexias que favorezan a autoceptación do propio corpo, activando factores de protección e prevención que promovan unha vida saudable. Tamén na área 4, adicada á Conciliación, corresponsabilidade, coidados e sustentabilidade da vida o seu obxectivo 2, dirixido a promover a saúde integral das mulleres fomentando os autocoidados propón o desenvolvemento de accións de promoción da saúde con perspectiva de xénero.

En base ao anterior vaise continuar co ciclo de conferencias iniciado o pasado maés de maio para continuar achegándonos e visibilizando esta relación problemática entre o xénero e o sistema sanitario.

Nesta ocasión vaise poñer o foco en dúas enfermidades con enorme prevalencia feminina, a fibromialxia e a sensibilidade química múltiple. Estas dúas enfermidades son exemplos moi significativos, de como teñen operado os sesgos de xénero na práctica médica, o que ten unha enorme repercusión na calidade de vida e na propia autopercepción das persoas enfermas, principalmente mulleres. Para dar conta desta situación imos contar coa presenza de representantes de distintas asociacións que aglutinan a persoas con estas doenzas así como a diversos/as profesionais da sanidade.

O importe total desta actividade é de 3.478,27€ para o seu desenvolvemento é necesaria a aprobación dos orzamentos que se adxuntan ao expediente. Cinco destes se corresponden con profesionais ou asociacións que van intervir na xornada e os outros tres afectan aos traballos de deseño impresión e difusión que é necesario facer, para a promover a súa asistencia.

O orzamento presentado por VIÑAS PUBLICIDADE S.L. comprende o custo do servizo e reparto tanto da xornada prevista en setembro, como a seguinte, a celebrar no mes de novembro.

Esta segunda conferencia está previsto celebrala o vindeiro 10 de setembro no Seminario 1 do Auditorio das 18,00 ás 20,00h

Para a realización desta actividade é necesaria a aprobación da proposta económica que se adxunta con cargo ao orzamento da área de Igualdade:

Importe	Terceiro	Nome terceiro	texto libre
200,00 €	44818618J	LOPEZ SANTOS ADRIANA	Participación como moderadora o 10/09/26 na II Xornada: A perspectiva de xénero na saúde: en lista de espera.

200,00 €	G75451617	ASOCIACIÓN FIBRO VISIBLES	Participación o 10/09/26 na II Xornada: A perspectiva de xénero na saúde: en lista de espera.
400,00 €	46231355K	CANOURA ROZAS, OLIVIA	Participación da Asociación AGAFI o 10/09/26 na II Xornada: A perspectiva de xénero na saúde: en lista de espera.
600,00 €	G94157955	ASOCIACIÓN AFECTADAS DE SENSIBILIDADE QUIMICA MULTIPLE	Participación da asociación o 10/09/26 na II Xornada: A perspectiva de xénero na saúde: en lista de espera.
242,00 €	35476266P	DURAN RECUNA, CRISTINA	Deseño cartaces, display e folleto na segunda Xornada: A perspectiva de xénero na saúde: en lista de espera.
649,77 €	B36252872	BAÑOS PRINT, S.L.	Impresión cartaces, dípticos e display para segunda Xornada: A perspectiva de xénero na saúde: en lista de espera.
786,50 €	B36570141	VIÑAS PUBLICIDADE, S.L.	Reparto e colocación cartelería na segunda Xornada: A perspectiva de xénero na saúde: en lista de espera.
400,00 €	Q1518001A	UNIVERSIDADE SANTIAGO DE COMPOSTELA	Participación cun obradoiro o 10/09/2026 na II Xornada: A perspectiva de xénero na saúde: en lista de espera

Tendo isto en conta, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Autorizar e dispoñer os gastos correspondentes aos contratos menores de servizos, consistente na participación na segunda Xornada sobre A perspectiva de xénero na saúde: En lista de espera o vindeiro día 10 de setembro, adxudicándoo as seguintes persoas física ou xurídicas polos importes e conceptos que se detallan no cadro anterior:

- Adriana López Santos 44818618J.
- Asociación Fibro Visibles, G75451617.
- Universidade de Santiago de Compostela Q15180001A.
- Olivia Canoura Rozas 46231355K
- Asociación afectadas Sensibilidad Química Múltiple G94157955

Estes gastos serán contabilizados con cargo á partida 2312 22610 do orzamento vixente da área de igualdade.

2.- Autorizar e dispoñer os gastos correspondentes aos contratos menores de servizos, consistentes no deseño de materiais, impresión e reparto destes materiais para difundir e publicitar a Xornada A perspectiva de xénero na saúde: En lista de espera o vindeiro que se vai desenvolver o vindeiro día 10 de setembro, adxudicándoo as seguintes persoas física ou xurídicas polos importes e conceptos que se detallan no cadro anterior:

- Cristina Durán Recuna 35476266- P
- Baños Print S.L. B- 36252872
- Viñas Publicidade S.L. B- 36570141

Estes gastos serán contabilizados con cargo á partida 2312 22799 do orzamento vixente da área de igualdade.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/3247

O Pleno do Congreso dos Deputados aprobou por unanimidade, na súa sesión do día 15 de novembro de 2016, unha Proposición non de Lei pola que se instaba ao Goberno para promover a subscrición dun Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero. En decembro do 2017 ratificouse dito Pacto.

Mediante Resolución de 16 de xullo de 2026 da Secretaría de Estado de Igualdade para o exercicio 2026, o Concello de Vilagarcía de Arousa é beneficiario da cantidade de 17.302,34 (BOE 25 de xullo de 2026).

Non obstante a cantidade a ingresar sería de 16.695,04€ ao descontarse 607,3€ como remanente do ano 2024 compensable no 2026

A competencia no Concello de Vilagarcía de Arousa, en relación aos programas e proxectos en materia de igualdade e violencia, obxecto destes fondos, corresponde á Área de Igualdade-CIM.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Que se incorpore ao Proxecto Pacto de Estado 2026 a cantidade de 16.696,04€ procedentes da transferencia da Secretaría de Estado de Igualdade y para la erradicación de la violencia contra las mujeres.
- Que se incorpore ao Proxecto Pacto de Estado 2026, a cantidade de 607,3€ da partida

2312 22602 do orzamento da área de Igualdade.

- que sexa incorporada ao orzamento da Área de Igualdade-CIM Proxecto Pacto de Estado 2026 a cantidade de 12.000,00€ para o ano 2026.
- Que os fondos restantes - 5.302,34€ - que non estean comprometidos a data de 31 de decembro de 2026 se incorporen ao orzamento do 2027 do proxecto Pacto de Estado para continuar coa súa execución ata o 30 de xuño, data na que finaliza o proxecto.

Asemade infórmase:

- que o período de execución destes fondos é o comprendido entre o 1 de xullo de 2026 e o 30 de xuño de 2027.
- Debendo estar xustificadas a 30 de setembro de 2027 como data límite.

CULTURA

PRP2026/3209

D. Jesús Paz Arias, como lexítimo propietario do ben que se detalla a continuación, expresa a súa vontade de doarlle gratuitamente e en propiedade ao patrimonio do Concello de Vilagarcía de Arousa un ben moble consistente nun piano vertical da marca Bell & Co., Berlín.

A descrición do citado piano resúmese na seguinte táboa:

TÍTULO	Piano vertical	DATA	ca. 1903-1924
MEDIDAS	130 cm x 142 cm x 32 cm	FABRICANTE	Bell & Co., Berlín
OBSERVACIÓNS	Ancho do teclado: 65 cm / Inscripción en cursiva que remite ao distribuidor identificado en Königsberg (Prusia oriental) / Núm. de serie non identificado / Estado de conservación: pendente de inspección técnica presencial-especializada.		

Visto o fin cultural xeral para a veciñanza deste Concello, este incluírá o piano froito da doazón no seu inventario xeral de bens.

Para formalizar a doazón, o Concello de Vilagarcía de Arousa procede a subscribir un contrato entre ambas as dúas partes.

Por todo o exposto dáse conta da doazón, por parte de D. Jesús Paz Arias, do ben moble consistente no piano vertical da marca Bell & Co., Berlín, descrito anteriormente e pola Xunta de Goberno Local acordase aceptar a doazón a través da sinatura do contrato correspondente.

PRP2026/3224

Vista a solicitude de D. José Martín Ventoso Portas, en representación da Comisión de Festas Santa María de Guillán, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade de Santa María de Guillán, o vindeiro día 12 de setembro de 2026:

NOME FISCAL	CIF	DÍA ACTUACIÓN	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
ASOCIACIÓN CULTURAL CORAL AMENCER	G94135449	12-09-2026	335,00€	334-2209
ASOCIACIÓN CULTURAL MALVEIRAS	G36136679	12-09-2026	391,00€	334-2209

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2026/3225

Vista a solicitude de D. Serafín Ruibal Ruibal, en representación da Asociación Comisión de Festas San Pedro de Cornazo, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello da seguinte actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da Virxe dos Dores o vindeiro día 27 de setembro de 2026:

NOME FISCAL	CIF	DÍA ACTUACIÓN	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
AGRUPACIÓN FOLKLÓRICA FROALLO	G36198927	27-09-2026	391,00€	334-22609

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

CONTRATACIÓN

PRP2026/3249

Por Resolución Presidencial de data 22 de abril de 2026, a Deputación Provincial concedeu a subvención por importe de 6.050,00 € para financiar o 100% do investimento de referencia, con cargo ao III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas.

Solicitadas tres ofertas a empresas especializadas no sector para a adquisición da subministración de 2 banquetes para o Campo de Fútbol Municipal de Manuel Jiménez Abalo do Concello de Vilagarcía de Arousa, conforme ao Prego de Prescricións técnicas (PPT) aprobado por acordo da X.G.L. de 22/12/2025, presentaron oferta as seguintes empresas:

- EQUIPAMIENTOS e PAVIMENTOS DEPORTIVOS INNOVA SPORT S.L. por importe de 5.995,55 € IVA engadido
- MONDO IBERICA S.A.U. : por importe de 5.965,98 € IVA engadido
- GRUPO ESPACIOS VERDES 2013: por importe de 6.342,52 € IVA engadido

O Director Deportivo da Fundación de Deportes emite, con data 27/08/2026, o seguinte informe, relativo a si as ofertas recibidas se axustan ás características do PPT:

“INFORME DA DIRECCION DEPORTIVA

ASUNTO: SUBMINISTRACIÓN DE BANQUILLOS PARA O CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL MANUEL JIMÉNEZ ABALO.

1º.- O concello ten concedida unha subvención da deputación Provincial de Pontevedra por importe de 6.050,00 € para adquisición de dous banquetes para o Campo de Fútbol Municipal Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal de Fontecarmoa.

As características do suministro segundo o PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS QUE REXERAN O CONTRATO DE SUBMINISTRO son:

- Capacidade mínima de 10 persoas.
- Estructura debe ser de aceiro galvanizado, aluminio anodizado ou material equivalente.
- Deber ter un sistema de ancoraxe ao chan.
- Alta resistencia mecánica e a corrosión.
- Cuberta superior e traseira de policarbonato compacto transparente ou translúcido, resistente a impactos e radiación UV.
- Protección fronte á choiva, vento e radiación solar

Para garantir a calidade do equipamento a subministrar , débese acreditar que a bancada está producida ou deseñada por produtor acreditado coas seguintes certificacións:

- Certificado da norma de xestión da calidade ISO 9001:2015 da empresa productora o subministradora das bancadas co ámbito de aplicación obxecto do contrato para o deseño e o desenvolvemento, a produción, a comercialización e a instalación de equipamento deportivo e asientos.
- Certificado da norma de xestión medioambiental ISO 14001:2015 da empresa productora o subministradora con ámbito de aplicación obxecto do contrato para o deseño e o desenvolvemento, a produción, a comercialización e a instalación de equipamento

deportivo e asientos.

2º.- Solicitouse orzamento a 3 empresas, que presentan a oferta coas seguintes características:

- EQUIPAMIENTOS e PAVIMENTOS DEPORTIVOS INNOVA SPORT S.L.: Capacidade de 10 prazas para suplentes, con estrutura metálica galvanizada, e parte traseira superior e laterais en metacrilato transparente.
- MONDO IBERICA S.A.U.: Capacidade para 10 persoas, con estrutura metálica de aceiro galvanizado, cerramiento lateral e posterior con paneles de policarbonato celular translúcidos e sistema de ancoraxe.
- GRUPO ESPACIOS VERDES 2013 SL: capacidade para 10 persoas, con sistema de ancoraxe e perfiles de 40x40x2 mm, laterais en policarbonato compacto, recubrimiento superior en policarbonato celular

3º.- As ofertas presentadas por Equipamientos e Pavimentos Deportivos Innova Sport S.L non especifica si leva sistema de ancoraxe e o de Grupo Espacios Verdes 2013 non especifica o material dos perfis axústanse ao prego técnico. Aínda que en ambos casos enténdese que si existe sistema de ancoraxe e a estrutura é de aceiro.

As empresas Equipamientos e Pavimentos Deportivos Innova Sport S.L e Grupo Espacios Verdes 2013 non presentaron a xustificación solicitada de cumprimento das certificación ISO 9001:2015 e ISO 14001:2015

A oferta presentada por Mondo Ibérica SAU cumpre coas especificacións do prego e presentaron a certificación de cumprimento das ISO 9001:2015 e ISO 14001:2015

4º.- As ofertas presentadas polas empresas Equipamientos e Pavimentos Deportivos Innova Sport S.L e por Mondo Ibérica SAU están dentro do importe da subvención.

A oferta presentada por Grupo Espacios Verdes 2013 sobrepasa o importe da subvención”

As ofertas presentadas polas empresas Equipamientos e Pavimentos Deportivos Innova Sport S.L e por Mondo Ibérica SAU están dentro do importe de licitación., conforme ao informe emitido polo Director Deportivo, son admitidas e, a oferta presentada por Grupo Espacios Verdes 2013 sobrepasa o importe da licitación.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de “Subministración e instalación de dous banquillos para o campo de fútbol municipal Manuel Jiménez Abalo do Concello de Vilagarcía de Arousa” á mercantil Mondo Ibérica, S.A.U. (A50308139), por importe de 4.930,56 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE 21% de 1.035,42 €, o que totaliza un importe de adxudicación de 5.965,98 €, por ser a mellor oferta, con cargo á aplicación orzamentaria 342-62300 do proxecto 2026-2-PEID-1, financiándose con cargo ao III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas e sendo o prazo de execución dous meses.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2026/3267

Visto o expediente INT/2026/536, integrado pola certificación de obra Nº CINCO (2026/5671), derivada da execución do contrato de obras denominado " HUMANIZACIÓN DA RÚA BOUZA DE ABAIXO", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2026/5056), dentro del proyecto de gasto con financiación afectada 2025-2-POS25-4-1, por importe de 87.397,08€.

Visto que o expediente consta coa conformidade técnica.

A Xunta de Goberno Local acorda, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda:

1. O recoñecemento de obriga para a certificación de obra Nº CINCO (2026/5671), derivada da execución do contrato de obras denominado " HUMANIZACIÓN DA RÚA BOUZA DE ABAIXO", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2026/5056), dentro del proyecto de gasto con financiación afectada 20252-POS25-4-1, por importe de 87.397,08€, coa seguinte desagregación:

REX.	Nº de Doc.	Fecha Dto.	Importe	Tercero	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
E/	CINCO	31/07/2	87.397,08	B36816189	CONSTRUCCIONES	CERT. CINCO DA OBRA	1530	61900

2026/5671		026			CASTRO-FIGUEIRO, S.L.	""HUMANIZACIÓN DA RÚA BOUZA DE ABAIXO"" PROX: 2025-2-POS25-4-1		
-----------	--	-----	--	--	-----------------------	--	--	--

PRP2026/3268

Visto o expediente INT/2026/537 integrado pola certificación de obra N° TRES (2026/5703), derivada da execución do contrato de obras denominado "PEONALIZACIÓN DA RÚA VICENTE RISCO NUN TRAMO DA PRAZA DE ESPAÑA", (xustificante de gasto con N° de rexistro 2026/5063), dentro do proxecto de gasto con financiación afectada 2024/2/PREST/6/1, por importe de 18.155,61€.

Visto que o expediente consta coa conformidade técnica.

A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda:

1. O Recoñecemento de obriga para a certificación de obra N° TRES (2026/5703), derivada da execución do contrato de obras denominado "PEONALIZACIÓN DA RÚA VICENTE RISCO NUN TRAMO DA PRAZA DE ESPAÑA", (xustificante de gasto con N° de rexistro 2026/5063), dentro do proxecto de gasto con financiación afectada 2024/2/PREST/6/1, por importe de 18.155,61€, coa seguinte desagregación:

REX.	N° de Doc.	Fecha Dto.	Importe	Tercero	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
